

Presidente GDR Condado Paradanta
Centro Comarcal A Paradanta, Rúa Silleda, s/n
36880 A Cañiza
Pontevedra

ASUNTO: Autorización da corrección erros na resolución pola que se aprobaron os criterios de selección e limitacións sectoriais do GDR Condado Paradanta

O 23/02/2018 tivo entrada no Rexistro Xeral de Agader, solicitude do GDR para a corrección de erros materiais e aritméticos da Resolución citada no encabezamento que fora asinada polo director xeral de Agader o pasado 30/01/2017 e no que se recollen os criterios de selección e baremación de proxectos.

A corrección solicitada refírese ao apartado 8 do baremo de proxectos non produtivos, e co apartado 9 do baremo de proxectos produtivos, dos criterios de selección e baremación, e que se indican a continuación:

1.-O apartado 8, dos criterios de selección correspondente ao baremo de proxectos non produtivos que sinala: "(...) a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos (non produtivos) situase no 30%(...)" emendábase polo seguinte "(...) a porcentaxe de axuda mínima que poderán percibir os proxectos (non produtivos) situase no 40% (...)"

2.- O apartado 9, dos criterios de selección correspondente ao baremo de proxectos produtivos que sinala: "(...) os proxectos conseguirán a puntuación máxima de subvención cando no baremo obtéñase polo menos 65 puntos, correspondendo una axuda do 50%."

"Así pois, a porcentaxe de axuda dos proxectos con puntuación entre 30 e 65 puntos, para poder establecerse en relación proporcional directa, calcularase restando 30 puntos á puntuación que resulte do baremo, multiplicando 0.80 e sumándolle 22"



Estes dous parágrafos emendase e substitúense polos seguintes:

“(…) os proxectos conseguirán a puntuación máxima de subvención cando o baremo obtéñase polo menos 60 puntos, correspondendo una axuda do 50%.”

“Así pois, a porcentaxe de axuda dos proxectos con puntuación entre 30 e 60 puntos, para poder establecerse en relación proporcional directa, calcularase restando 30 puntos á puntuación que resulte do baremo, multiplicando 0.9333 e sumándolle 22”

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

